

DENDE AS MARXES

SOBRE A NECESIDADE DA CRÍTICA

DIÁLOGOS DE ARQUITECTURA

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

SETEMBRO 2.023 / XUÑO 2.024

DENDE AS MARXES

SOBRE A NECESIDADE DA CRÍTICA

DIÁLOGOS DE ARQUITECTURA

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

SETEMBRO 2.023 / XUÑO 2.024

"Que a especie estea viva non quere dicir que respira, que coma, que copule, ou que mire o televisor; quere dicir que estea atenta, que atenda, que estea alerta, que escoite. É o sentido, ao meu entender, que "o estar á escoita" que Hanna Arendt atribúe ao ser humano..."

A arte do futuro. Limiar. Félix de Azúa

A XV BEAU Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo, celebrada en 2.020, concedeu premio a vinte obras, das que cinco "foron galegas". Estas cinco obras premiadas son de autoría de estudos de arquitectura e arquitectos galegos.

Este feito dá pé a este curso **"DENDE AS MARXES"**. Curso que a pandemia atrasou e que estando previsto para celebrarse a finais do 2.022 preferiu volveuse a atrasar para poder incorporar premiados galegos da última Bienal celebrada, a XVI BEAU Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo, que fallou os seus premios este pasado xoves 21 de setembro de 2.023. Nesta XVI BEAU foron dúas as obras premiadas co que se incorporan a esta "MARXES".

Non só como escusa para a celebración do éxito acadado pola arquitectura realizada no noso país, senón como oportunidade para a visualización do mesmo, e da propia arquitectura realizada en Galicia, ao tempo que como motivo para indagar, estudar e expoñer as razóns deste quintuple premio.

Razóns que non foron abordadas nin pola academia, nin polos medios de comunicación, nin por parte algunha. Todo quedou nunha simple nota de prensa.

Por isto o curso, centrándose no estudo destas cinco obras, e no facer dos distintos equipos que as executaron, pretende aproveitar a ocasión para facer unhas sesións críticas que permitan un maior coñecemento das mesmas. Mesmo para os seus propios autores.

Porque malia a proliferación de redes sociais, teses doutorais, artigos indexados, e as súas correspondentes publicacións académicas, así como a autoedición, a ausencia de crítica estruturada é un feito palpable na arquitectura do noso país. Non existen canles desde as que a crítica sobre o facer contemporáneo galego poida actuar, propoñer e polemizar.

É significativo o feito de que non haxa publicacións especializadas que miren ao facer arquitectónico contemporáneo galego, que os medios de comunicación culturais case non fagan caso á disciplina, cando o fan é mera anécdota do mesmo xeito que na prensa escrita. Destacar que tan só o quincenal cultural do Nós Diario mantén unha sección de arquitectura, se ben esta non afonda no labor crítico limitándose a dar noticia. E xa é de agradecer neste panorama tan desolador.

A necesidade de escoitar falar sobre o traballo propio, a imposibilidade de confrontar o feito a través do exercicio da crítica, impide o diálogo necesario que toda creación necesita. E que a saúde cultural dun país esixe.

Así este curso propónse como unha reivindicación da necesidade da crítica. Ser polo menos un aviso, un chamar a atención sobre a ausencia de crítica no noso país. Agardando que feito de poñer o tema sobre a mesa sirva para xerar certa discusión, certo diálogo.

O curso quere ser un intento de crear espazos para poder coñecer a arquitectura de recente creación máis comprometida co feito cultural que a disciplina inevitablemente é.

Unha ollada curiosa e crítica ao facer arquitectónico. Unha vontade de escoitar, de ver, de saber o que fixeron e o que están a facer os distintos estudos de arquitectura convidados. Compartir experiencias. Aprender delas. Un espazo aberto ao encontro e ao coñecemento.

En Galicia existe unha necesidade clara de crear canles que sirvan para poñer en contacto a todos aqueles que manteñen unha actitude comprometida con este solitario oficio da arquitectura, así como a estes coa sociedade. Achegar a arquitectura ao coñecemento e valoración da sociedade.

Aproveitar a ocasión de amosar a estes cinco premiados para traer a outros equipos de fóra de Galicia, a maioría premiados nesta mesma XV Bienal Española, o que permitirá o encontro e a toma de posicións entre unhas propostas e outras. Trátase tanto de coñecer o que se está a facer noutras partes do estado, como de permitir facer unha valoración crítica das mesmas.

FORMATO DAS LECCIÓNS

O curso trata de xerar unhas sesións críticas polo que aposta pola realización dun formato de conversa ou de diálogo en cada unha das sesións.

Os convidados principais, por denominalos dalgún xeito, isto é os premiados na bienal, convidarán á súa vez a algunha persoa da súa confianza ou próxima para que esta realice o achegamento crítico a través do diálogo.

Así os convidados invitarán a alguén que eles consideren teña un coñecemento real do seu facer para que este sexa quen dirixa o diálogo, a conversa, a sesión crítica. Podemos dicir que cada convidado escolle a un crítico que deberá establecer as estruturas sobre as que realizar a crítica que permita un maior e mellor coñecemento do que as obras expostas propoñen.

A este diálogo sumarase o director do curso, que ademais de realizar as presentacións, moderará e activará a conversa introducindo á súa vez ao público asistente na conversa. Trátase de realizar unha sesión crítica o máis aberta posible. Cada sesión comezará, tras a presentación realizada polo director do curso, cunha pequena exposición de obra e intencións do convidado principal duns vinte minutos, para establecer unhas bases de arranque da conversa.

Sobre o escenario uns sofás e unha pantalla, os asentos do público ao redor deste. Propónse que os diálogos se realicen en calquera das salas da Fundación, para tentar romper a formalidade do salón de actos.

O curso desenvolverase desde SEPTIEMBRE de 2.024 a XUÑO de 2.024, cunha lección mensual.

CALENDARIO

28 DE SETEMBRO

IBON SALABERRIA + IÑIGO GARCÍA ODIAGA (SAN SEBASTIAN)

26 DE OUTUBRO

CARLOS SEOANE + CONVIDADO

16 DE NOVIEMBRE

FLUOR + CONVIDADO

14 DE DICIEMBRE

CREUS E CARRASCO + RVR ARQUITECTOS

25 DE ENERO

SALGADO E LIÑARES + CONVIDADO

28 DE FEBRERO

JOSEP FERRANDO + CONVIDADO (BARCELONA)

28 DE MARZO

FUERTES/ PENEDO

ABRIL

CARLOS QUINTANS + MOISES PUENTE (BARCELONA)

16 DE MAIO

Premios ArquIa 2022 arquitectura joven

CARLOS GOR (GRANADA)+ MARIO GALIANA (LOGROÑO) + ABRAHAM CASTRO

13 DE XUÑO PECHER DE CICLO

CARLES OLIVER + INVITADO (MALLORCA)

DENDE AS MARXES

SOBRE A NECESIDADE DA CRÍTICA

DIÁLOGOS DE ARQUITECTURA

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

SETEMBRO 2.023 / XUÑO 2.024